



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
C.E.I.P. “ A XUNQUEIRA 1”
R./ Celso Emilio Ferreiro s/n. --- 36005 PONTEVEDRA
Teléfono : 986 872952 / Infantil 986 873811 / Fax: 986 87 24 36
Correo electrónico: ceip.xunqueira1@edu.xunta.es
Web: <http://edu.xunta.es/centros/ceipxunqueira1>
<http://centros.edu.xunta.es/ceipaxunqueira1>



NORMAS BÁSICAS INFANTIL

ENTRADAS: A hora de entrada será ás 9 horas. O tempo máximo de recepción de alumnos será de 5 minutos. Pasada esta hora os alumnos terán que dirixirse á Secretaría, agás os de 3 anos que irán directamente ao seu edificio. As mestras recollerán aos [nen@s](#) nas portas de entrada que estarán indicadas con carteis.

Coa nova normativa de absentismo escolar, todos aqueles alumnos que teñan moitas faltas de puntualidade ou de asistencia sen xustificar serán derivados ao Observatorio de Convivencia do Centro e logo aos Servizos Sociais do Concello.

SAÍDAS: A hora de saída será ás 13:50 horas. A partires das 14:00 horas o Colexio **queda pechado**. Esíxese puntualidade.

Os [nen@s](#) serán entregados polo profesor/a do nivel que estea na última hora con [el@s](#) e o outro encargarse dos alumnos de transporte e comedor (a ser posible un titor/a).

TELÉFONOS DE CONTACTO: É imprescindible que os pais ou algún responsable estén sempre localizables por situacións de tipo: enfermidade, golpes, etc.... Nós non cambiamos aos nenos de roupa, así que en caso de accidente terán que vir a cambialos. Aconséllase que por ben dos nenos e tamén dos pais, deben controlar esfínteres. De ter algún problema de tipo médico terán que presentar o correspondente certificado.

Os teléfonos do Colexio son: **3 ANOS:** 986 87 38 11

COLEXIO: 986 87 29 52

ASPECTOS SANITARIOS: Tódolos [nen@s](#) deben traer a fotocopia da tarxeta sanitaria. No Colexio non se dan medicamentos aos alumnos. No caso de que se detecte que teñen febre ou outra molestia terán que vir a recollelos inmediatamente. Rogamos que con certa asiduidade revisen as cabezas dos seus fillos, para evitar ter problemas de piollos.

MERENDA: A escola recomenda un menú para a merenda de toda a semana. Procurar respectalo.

Os envases deben ser de plástico. Non se admiten latas nin envases de cristal. Os nenos non poden traer coitelos nin garfos. A froita deben traela pelada da casa.

Se algún neno presenta algunha intolerancia ou alerxia a algún alimento, deben avisar á mestra.

Non traer bollería industrial nin chucherías (patacas fritas, gusanitos...).



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
C.E.I.P. “ A XUNQUEIRA 1”
R./ Celso Emilio Ferreiro s/n. --- 36005 PONTEVEDRA
Teléfono : 986 872952 / Infantil 986 873811 / Fax: 986 87 24 36
Correo electrónico:ceip.xunqueira1@edu.xunta.es
Web: <http://edu.xunta.es/centros/ceipxunqueira1>
<http://centros.edu.xunta.es/ceipaxunqueira1>



CUMPREANOS: Celebraranse o mesmo día do cumpreanos. Poden traer 1 biscoito ou 1/2 kg. de caramelos masticables. Non se permiten chucherías.

ROUPA CÓMODA: As cinturas que sexan de goma. Non poden traer petos, tirantes nin cinturóns. O calzado preferentemente con velcro.

A roupa que sexa para colgar debe traer unha cinta longa no pescozo e co nome clariño.

MANDILÓN: Serán:

- De cadriños vermellos e brancos os de 3 anos.
- De cadriños azuis e brancos os de 4 anos.
- De cadriños verdes e brancos os de 5 anos.

Todos deben levar o nome do neno/a na parte dianteira e cinta no pescozo para colgar no percheiro.

FOTOS: Unha foto tamaño carnet actualizada.

AUGA: Traerán botella de auga.

HORARIO DE VISITA: O horario de visita de pais é os martes das 16:30 a 17:30 horas. Rógase pidan cita previa á titora. Se alguén non pode vir neste horario, consultar coa titora.

XOGUETES: Pregamos que os nenos non traian xoguetes. O profesorado non se fai responsable do deterioro ou perda dos xoguetes que traia o alumnado da súa casa.

MOCHILA: De tamaño pequeno e que non teña rodas, xa que non temos espazo nos percheiros.

MENÚ RECOMENDADO PARA A SEMANA

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
BISCOITO	FROITA	BOCADILLO	QUEIXO	GALLETAS
ROSCA			IOGUR	CHOCOLATE